

O APALPADOR



Para tranquilizar aos rapaces, bulideiros pola inquedanza da chegada do Apalpador, os pais cantábanlles:

**“Vaite logo, meu meniño
(ou miña meniña)
marcha agora para a camiña
Que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña**

**Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.**

O vello Apalpador, ou Pandegueiro como se lle chama en partes do oriente ourensán, é unha figura lendaria galega que achega os agasallos aos nenos polas datas de nadal. Este xigante, de oficio carboeiro, baixaba das devesas e apalpaba as barriguiñas dos cativos. Se estaban cheas dicía: «así, así estas todo o ano» e deixáballes unha presa de castañas. Senón calaba, pero deixáballes tamén as castañas.

**Mañá é día de cachela,
Que haberá gran nevarada
E ha vir o Apalpador
Cunha mega de castañas.**

**Por aquela cemba
Xa vén relumbrando
O señor Apalpador
Para darvos o aguinaldo”**

**ENDL
CPI MASIDE**